

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 23/5006**Feitos**

Con data do 19 de maio do 2025, o profesor José Luis Tuimil López, secretario da comisión de selección da praza 23/5006, de profesor/a axudante doutor/a da área de coñecemento de Educación Física e Deportiva (convocada por Resolución reitoral do 24 de abril de 2023) comunica que se atopa en causas de abstención das establecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O 20 de maio do 2025 o profesor Gabriel Torres Tobio, presidente da mencionada comisión de selección, informa de que por unha causa xustificada non pode actuar.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo consello de goberno do 30 de abril do 2014) establece: *“Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade.”*

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución da presidencia e da secretaría da comisión.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, a composición da Comisión de Selección para a praza 23/5006 será a seguinte:

Comisión Titular	Categoría	Área	Cargo
Apelidos e nome			
Ardá Suárez, Antonio	Profesor titular de universidade	245	Presidente
Mosquera González, María José	Profesora titular de universidade	245	Secretaria
Fernández Romero, Juan José	Profesor titular de universidade	245	Vogal 1º
López Villar, Cristina	Profesora contratada doutora	245	Vogal 2ª
Bobo Arce, Marta	Profesora titular de universidade	245	Vogal 3ª
Arias Rodríguez, Pablo	Profesor titular de universidade	245	Rep. do persoal traballador
Comisión Suplente			
Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Montero Seoane, Antonio	Profesor titular de universidade	245	Vogal 1º
Valverde Romera, Joaquina María	Profesora do INEF de Galicia	245	Vogal 2ª
Saavedra García, Miguel Ángel	Profesor titular de universidade	245	Vogal 3º

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández